



ADMINISTRACION DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XDO. DE INSTRUCCIÓN N. 2 PONTEVEDRA

C/ FRANCISCO TOMAS Y VALIENTE S/N.

Teléfono: [REDACTED]

Equipo/usuario: [REDACTED]
Modelo: 607600

DPA DILIGENCIAS PREVIAS PROC. ABREVIADO 0000396 /2020

N.I.G: 36038 43 2 2020 0001068

Delito/Delito Leve: RESIST/GRAVE DESOBED AUTORID/AGENTE/PERS SEG PRIV

Denunciante/Querellante: MINISTERIO FISCAL

Procurador/a:

Abogado:

Contra: RUSLANAS [REDACTED]

Procurador/a:

Abogado: ENRIQUE DOBARRO BUITRAGO

A U T O

En PONTEVEDRA, a dieciséis de abril de dos mil veinte.

FEITOS

Primeiro.- Foi recibido Atestado da Policía Nacional numerado como 2818/2020 xunto co que foi presentado como detido Ruslanas [REDACTED].

Ademais do feito que motivou a detención son relatados diversos feitos anteriores que tentamos expor de forma cronolóxica:

Feito 1 (suposto previo que xa motivou o inicio doutras actuacións xudiciais).

Que o día oito de abril foi tramitado o Atestado 2708/20. Xunto con ese Atestado foi presentado o mesmo detido. Que o motivo da detención e posta a disposición estaba relacionado coa posíbel comisión dun delito de desobediencia e un delito de roubo. Que entre o día 20 de marzo e o 07 de abril constábanlle catro denuncias por infraccións administrativas relativas ás limitacións derivadas do Estado de Alarma. Ademais imputábenselle dous delitos leves furto e a participación na pelexa na que se podería ter cometido un roubo.

Feito 2 (denuncias administrativas previas).

Que nas 24 horas anteriores á detención fora proposto en varias ocasións para sanción pola mesma infracción administrativa relativa ás limitacións derivadas do Estado de Alarma.

En concreto:

Parte 215263. No que consta que ás 18.30 do día 14 de abril activouse a alarma da Farmacia da rúa Benito Corbal nº 50. Ao acudir ao lugar aclarouse que non se producira unha tentativa de atraco. Nese momento é identificado en rúa Andrés Muruais o detido e, xunto a el, a [REDACTED] [REDACTED]. Propoñen para sanción e retiran do lugar. Non consta realizado ningún requirimento. O Parte 215252 refírese ao mesmo feito.

Parte 215916. No que consta que á 01.48 do 15 de abril foron identificados na rúa Joaquin Costa o detido e [REDACTED] [REDACTED]. Non consta realizado ningún requirimento. Parte 215737. No que consta que foron identificados o detido e [REDACTED] [REDACTED] pero non aclara nin cando (en todo caso antes das sete da mañá) nin onde. Non consta realizado ningún requirimento. Non se aclara se a referencia é a mesma ocasión que no parte anterior pero parece que así é e que responde un á acta concreta e o outro ao resumo da noite.

Parte 217019. No que consta que ás 15.10 do día 15 de abril o detido entrara no supermercado Froiz de Benito Corbal colleu unhas cousas e foi sorprendido polo que, ao ser requirido polos empregados, soltou as cousas e marchou. Cando os axentes falaban co responsábel do Froiz observaron ao detido entrar no Supercor próximo. Son identificados o detido e [REDACTED] [REDACTED]. O detido e [REDACTED] [REDACTED] son propostos para sanción.

Feito 3 (outro delito leve de furto no mesmo día).

Que ás 14.22 horas do día 15 de abril o mesmo presentado como detido tentara levar da Farmacia situada en rúa Frai Juan Navarrete esquina con rúa Sagasta produtos por valor de 14,95 euros.

Estes feitos deron lugar ao Atestado 2817/20.

No Parte 21677 aclárase que o detido fora retido polo persoal da Farmacia e que ao chegar os axentes localizaron no seu pantalón o xel furtado. [REDACTED] [REDACTED] atopábase no exterior da Farmacia. Consta que ambos foron denunciados de novo pola infracción da normativa administrativa.

Feito 4 (actuación na que se produce a detención).

Que ás 17.09 do día 15 de abril a Policía foi avisada de que se accionara a alarma da Farmacia da rúa Rosalía de Castro. Alí relátanlles que un varón tentara levar cremas e fora botado polas dependentas, dirixíndose cara o Froiz desa rúa que lle pechou as portas impedíndolle a entrada. Acudiu entón ao supermercado DIA onde colleu paquetes de xamón por un importe de 41,86 euros.

A policía identificouno e localizou entre a súa roupa eses produtos.

Comprobaron entón que existían unha serie de denuncias previas por infracción administrativa.

Proceden entón á detención de Ruslanas [REDACTED]. Manifesta o Atestado que *"En dicha detención el presentado como detenido*



ofrece resistencia activa sobre los agentes, teniendo que utilizar la fuerza mínima imprescindible para proceder a su engrilletado."

A presentación como detido é pola presunta comisión dun delito de desobediencia ou resistencia aos axentes da autoridade.

Pese a ser ese o delito que motiva a detención consta realizado ofrecemento de accións á señora [REDACTED] como empregada de DIA.

Segundo.- Recibido o Atestado acordouse a incoación das presentes Dilixencias previas nas que se tomou declaración ao detido, que se acolleu ao dereito a non declarar e celebrouse comparecencia en relación coa súa situación persoal. Na comparecencia o Ministerio Fiscal instou a adopción da medida de prisión provisional apelando ao punto 2 do artigo 503 da LACrim. A defensa manifestou a súa oposición.

RAZOAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O primeiro que debemos aclarar é o obxecto desta instrución.

Como indicamos nos antecedentes o detido foi presentado como tal pola suposta comisión dun delito de desobediencia e ou resistencia. Ademais dos feitos a iso referido son relatados feitos que poderían constituir un delito leve de furto que sería en grao de tentativa polo sucedido sobre as 17 horas na Farmacia da rúa Rosalía de Castro e que non está aclarado se chegou a ser consumado polo sucedido pouco despois no supermercado DIA. Ademais son mencionados outros feitos que poderían constituir delitos patrimoniais que terían dado lugar a outras dilixencias. Por ese motivo procede **expedir testemuño en relación cos feitos que poderían constituir delitos patrimoniais para proceder á súa tramitación en causa diferente.**

Resta como feitos obxectos desta causa, en consecuencia, o referido á suposta comisión dun delito de desobediencia e ou de resistencia.

Terceiro.- Sobre o delito de desobediencia.

O delito de desobediencia protexe o ben xurídico orde pública. Deféndeo mediante a defensa, instrumental a ese fin, do principio de autoridade. Concretamente en canto ese principio supón a necesidade de que os mandatos concretos emitidos pola autoridade e os seus axentes no exercicio das súas funcións non sexan descoñecidos polos concretos destinatarios deles.

Cada mandato dunha autoridade ou os seus axentes xustifícase nunha norma que lle confire a potestade que exerce ao emitilo. Esa norma, fonte da potestade, protexerá diversos bens e intereses. Pero eses bens ou intereses non son propiamente o obxecto de protección deste tipo penal aínda que, evidentemente, véxanse protexidos de forma reflexa. O axente da autoridade, por exemplo, dará unha orde para aplicar as

normas de tráfico que protexen a seguridade viaria. Pero a sanción penal da desobediencia a ese concreto axente pretende protexer o principio de autoridade e non a seguridade viaria. Por iso, non cabe, en xeral, entender exenta de pena a conduta desobediente apelando á relación do concreto mandato co fin da norma que se aplica con el. Outra cousa diversa é que inflúa na valoración da gravidade (a maior distancia entre o mandato concreto e a finalidade pola que se recoñece a capacidade de dolo, menor gravidade) ou que o mandato concreto sexa manifestamente ilegal ou, por outro motivo, non acredor de protección penal.

A observancia das normas xerais non poden dar lugar máis que a cumprimentos ou incumprimentos, non a delitos de desobediencia

Só se desobedece un mandato concreto. A norma xeral, aínda que introduza prohibicións, non é susceptíbel por si mesma de ser desobedecida neste sentido penal.

O mandato debe ser concreto obxectivo e subxectivamente. Obxectivamente en canto ten que existir un acto que concrete nun mandato determinado a previsión da norma xeral. Subxectivamente en canto ten que existir un acto da autoridade ou os seus axentes dirixido a unha persoa concreta (a autora da conduta).

A conduta é desobedecer, e desobedecer supón omitir o comportamento que impón o mandato. Para poder omitir ese comportamento ten que ser coñecido o seu contido e que foi obxecto dun mandato. A mellor forma de probar ese feito é probando que se produciu un requirimento formal que explicase que era un mandato, que era o que se mandaba e cal era a consecuencia de non cumprilo. Pero o que constitúe o delito é o feito de coñecer o mandato, a obriga de atendelo e o feito de non atendelo. Por iso é discutíbel a esixencia de que se produza un apercibimento formal advertindo da consecuencia penal. A súa ausencia pode nalgún caso derivar en ausencia de dolo entendido como coñecemento deses elementos típicos: o mandato, o mandado e as consecuencias da desatención.

Coa aprobación do **Real Decreto de Alarma** impóñense unha serie de prohibicións referidas á circulación de persoas.

Estamos ante unha normal de carácter xeral que impón unha actúan as Forzas e corpos de seguridade. Nese labor poderán ter que emitir concretos mandatos a persoas que infrinxan a prohibición ou, incluso, a outras que aínda non incumpriran.

Son dous supostos diferentes:

- A) Existe unha prohibición xeral de transitar por vía pública.

É un mandato xeral. O seu incumprimento supón (ou pode supor) unha infracción administrativa con penas de multa que poden chegar a ser altas. A Policía cando identifica o suposto de feito (estar na rúa sen xustificación) interpón unha denuncia



ante órgano administrativo describiendo o feito. Pode (ou non) ademais requirir á persoa que cumpra a norma e ese requirimento pode (ou non) concretarse nunha conduta determinada ("volva vostede á súa casa"). Neste caso pasamos ao segundo suposto.

B) A policía require unha conduta a un suxeito determinado. É un mandato concreto. A súa desatención pode supoñer unha infracción administrativa. Non se aplica propiamente o Real Decreto. Aplícase a Lei administrativa que corresponde ao caso.

As situacións poden ser variadas. Polo fundamento do requirimento que pode ser só o control do cumprimento das medidas do Real Decreto de Alarma ou ir acompañado doutros motivos (por exemplo, que nese caso estase realizando un control de drogas, ou que nesa zona non pode estar con ou sen a situación de alarma, ou que existe unha alteración da orde pública diversa). Polo propio requirimento que pode non existir (policía que só comunica a proposta de sanción sen maior comentario), que pode ser xenérico (referindo só que se cumpra a Lei sen maior precisión) ou que pode ser específico (regrese á súa casa). Polos supostos de feito que o provocan (estaba fose paseando, ía ao Banco, dirixíase a atender un familiar) e polas posibilidades de cumprimento (indicar que regrese a casa a quen o que non ten é casa, ou requirir a quen é localizado viaxando dende moi lonxe que regrese a ese punto de orixe).

Algunhas desas situacións de non cumprir o requirido poden constituír delito de desobediencia.

En todo caso **o desobedecido, a efectos de valoración penal, nunca é a norma xeral senón o mandato concreto recibido.** Por iso o que debe ser analizado é en que circunstancias se produciu ese mandato.

Para que sexa delito a desobediencia debe ser grave.

A gravidade deriva do conxunto de circunstancias. Entre elas está como se afecta ao principio de autoridade. Por exemplo, un incumprimento público e ostentoso pode debilitar ante a comunidade ese principio de autoridade. Tamén debe ser valorado se hai ou non afección ao ben protexido pola norma que ampara o mandato. Xa dixemos que non é o obxecto de protección pero si debe ser de atención en canto á gravidade da conduta. O confinamento pretende evitar contactos por contacto entre persoas ou de persoas con cousas tocadas por outras persoas. A única forma (parece ser) de executalo é facendo unha norma xeral sen excepcións. Iso pode xustificar que en todo caso o incumprimento da norma xeral derive en responsabilidade administrativa e a desatención ao mandato concreto tamén teña esa resposta administrativa. A consideración como delituosa da conduta esixe algo máis que iso.

Ademais só se considera relevante penalmente a desobediencia que mereza a consideración de grave. Para valorar a gravidade e dar transcendencia penal si cabo valorar (non requirir como imprescindible pero si ponderar) que se produza unha afección á finalidade da norma que ampara o mandato concreto. Por exemplo, é máis grave o desatender o mandato cando se está en circunstancias de propagación posible (por estar contaxiado o suxeito, polo lugar de tránsito ou por estar preto de persoas de risco) e tamén o é cando se mina a confianza xeral no cumprimento da norma de confinamento (por exemplo, por ostentación do non cumprimento en redes). É menos grave noutros supostos. E aquí hai que ter tamén moi en conta que a conduta xa conta cunha resposta na responsabilidade administrativa.

En todo caso **que unha persoa sexa denunciada varias veces non supón que necesariamente debamos entender que comete delito.** O ser denunciado varias veces é unha reiteración de infraccións administrativas, pero non se introduce nese feito, así descrito, a conduta típica: desatender mandatos concretos. Haberá ocasións en que, ademais de ser denunciada a persoa varias veces, reciba varios mandatos concretos e desatendeunos. Entón haberá que analizar no caso en que consistiu esa desatención e, desde aí, si é un único acto desobediencia, varios actos de desobediencia ou se algún deles estaba xustifico e outros non. Ademais, haberá que xustificar que ese casos (eses casos ou parte deses casos) merecen a consideración de graves por como afecten ao principio de autoridade e, con máis cautela, por como afecten aos bens que se queren protexer coa norma prohibitiva xeral. Por poñer un exemplo con outra norma quen conduce varias veces a máis velocidade da permitida, e así incumpre a norma xeral de Tráfico, non por iso comete delito.

Cuarto.- No caso concreto.

Como expuxemos nos antecedentes no Atestado son referidos diversos feitos. Parte deles son obxecto doutra causa tramitada por outro Xulgado (o que denominamos Feito 1).

Os demais quedan concentrados nos días 14 e 15 de abril.

No referido a eses días consta que en tres ocasións anteriores ao momento da detención fora denunciado o detido por estar a incumprir a normativa xeral sobre tránsito pola rúa. Ás 18:30 do 14, á 1:48 do 15 e ás 15:10 do 15. Hai dous partes de intervención máis pero que todo indica que serían partes sobre os mesmos feitos realizados por outras patrullas ou axentes. En ningún deses casos consta expresado nos partes achegados que se realizara requirimento de ningún tipo ao agora detido. (Feito 2 dos antecedentes).

Ademais deses tres supostos, ás 14:22 horas consta que foi identificado trala posíbel comisión dun delito leve de furto,



parece ser que en grao de tentativa. Non consta tampouco expresado ningún requirimento. (Feito 3 dos antecedentes).

O seguinte momento é xa o que finalizou coa detención (Feito 4). Sucede ás 17:09 do día 15 de abril. Como vemos, este sería o quinto feito e non o sétimo como afirmaba o Atestado a falta de verificar o que parecen duplicidades nos partes. Do total das denuncias producidas sería a novena e non a número dezaseis.

Na información remitida por Comisaría non consta expresado ningún requirimento concreto que tivera sido practicado. Será obxecto desta instrución, xa que logo, en primeiro lugar aclarar se se produciu algún tipo de requirimento e/ou advertencia neses casos así como os termos das mesmas e a forma de resposta dada polo investigado.

Entendemos que os feitos non contan actualmente con suficiente precisión en canto á súa descrición, nin determinación de indicios de apoio como para poder proclamar con claridade o seu exacto alcance.

Unha vez que se concreten os feitos caberá valorar se si existiron eses requirimentos e se existe unha continuidade entre eles. Tamén haberá que determinar que relación terían estes feitos co sucedido antes do día 7 de abril e que está a ser obxecto doutra causa noutro Xulgado.

Só despois desa análise caberá valorar se realmente cabe predicar que se cometeu un delito de desobediencia.

En todo caso, no momento de valorar a adopción de medidas constatamos a pouca solidez dos indicios presentados.

Debemos engadir que tampouco existe ningunha concreción sobre o sucedido no momento da detención ou sobre ameazas que puidera ter proferido e o Ministerio Fiscal tampouco referiu eses feitos nas súas alegacións como xustificadoras da medida instada.

Quinto.- Sobre a medida de prisión provisional.

O delito de desobediencia, que é ao que se refire a petición do Ministerio Fiscal, está sancionado no artigo 556 do Código Penal cunha pena de tres meses a un ano ou multa seis a dezaioito meses.

Non se trata só de que a pena prevista non supere os dous anos (queda na metade) senón que parte dun mínimo moi inferior (tres meses) e só é unha alternativa coa pena de multa. Esas circunstancias dan conta da entidade que o lexislador deu a esa conduta.

A prisión provisional aparece regulada, en canto aos requisitos e finalidades que poden xustificar a súa adopción, no artigo 503 LACrim. En principio a previsión normativa só permite tal tipo de medida cautelares cando a pena máxima prevista para o delito imputado sexa igual ou superior a dous anos de prisión. Neste caso non se daría tal requisito co que

non cabe acordar a prisión con fundamento no punto 1 do artigo 503 LACrim.

O punto 2 do artigo 503 permite a adopción desa medida para evitar o risco de que o investigado cometa novos feitos delituosos. Dentro desta finalidade esixe a Lei que a pena máxima prevista supere aqueles límites salvo no regulado no último parágrafo do mesmo precepto. Nese parágrafo permite a adopción da medida de prisión provisional para conxurar ese risco en dous casos aínda que non se cumpra o requisito da pena. Un é referido a actuación concertada de forma organizada para cometer os feitos imputados, que non é aplicábel a este caso. O outro é o referido a que "*realiza sus actividades delictivas con habitualidad*". Este sería o suposto de feito que entende presente o Ministerio Fiscal.

Antes de entrar na análise dese último requisito debemos enmarcar o suposto de feitos con algunhas precisións.

Remítese na argumentación do Ministerio Fiscal á situación de Estado de Alarma. Porén debemos ter en conta que o Goberno optou pola declaración dese tipo de Estado non sen certas críticas doutriniais sobre o suposto de feito e o alcance que podían ter as medidas adoptadas nel. Na Lei Orgánica 4/1981 de 1 de xuño de estados de alarma, excepción e sitio, atopamos que no seu artigo 10 no referido ao estado de alarma e ás consecuencias sobre os incumprimentos das súas medidas só prevé que "*será sancionado con arreglo a lo dispuesto en las leyes*". Ningunha novidade no que se refire á responsabilidade penal ou ao proceso penal. **A mesma Lei no referido ao Estado de excepción si prevé expresamente unha consecuencia:** "*Si durante el estado de excepción el Juez estimase la existencia de hechos contrarios al orden público o a la seguridad ciudadana que puedan ser constitutivos de delito, oído el Ministerio Fiscal, decretará la prisión provisional del presunto responsable, la cual mantendrá, según su arbitrio, durante dicho estado*". Cabería discutir o exacto alcance desa previsión pero o que resulta claro é que a mesma non existe no caso do Estado de alarma.

En segundo alegar apélase ao perigo que pode supor para a saúde pública o non cumprimento do confinamento. Non procede en absoluto cuestionar nesta resolución tal medida adoptada respecto a toda a poboación nin a súa transcendencia no momento no que nos atopamos. Pero si é preciso advertir que non cabe inferir da gravidade xeral da situación, nin do beneficioso que con carácter xeral sexa o confinamento da poboación, a consecuencia de que calquera individual infracción supón o mesmo grao de perigo. É esixíbel concretar como esta concreta infracción supuña ese perigo. Pero, ademais, resulta que existen medidas a acordar polas Autoridades sanitarias, sen acudir ao dereito penal, para responder a supostos concretos de risco. Así deriva da Lei



Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública (sobre todo artigo 2), a Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeral de Sanidade, a Lei 41/2002, de 14 de novembro, Básica reguladora da autonomía do paciente (sobre todo artigo 9.2), a Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral da Saúde Pública ou, por último, o artigo 8.6 no seu parágrafo segundo da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso administrativa. Dese cadro normativo derivase que **a resposta se o que se quere conxurar é un risco para a saúde pública non se atopa no dereito penal e no proceso desa natureza**. Queda claro, de novo, que o protexido neste tipo penal é a orde pública e é a afección a ela a que debe ser valorada tanto para determinar a gravidade do caso concreto como a procedencia de medidas cautelares.

Neste marco debemos preguntarnos sobre a finalidade que se pretende conxurar coa prisión provisional segundo a petición do Ministerio Fiscal. Como xa vimos esa finalidade sería a de evitar a comisión de novos feitos. Convén traer aquí a colación a recente sentenza do Tribunal Constitucional STC 62/2019, de 7 de maio:

*“Nuestro cometido debe circunscribir al examen de la argumentación que el órgano judicial emplea para justificar el riesgo de reiteración delictiva, a fin de valorar si resulta irrazonable, arbitraria o que, en contra de la doctrina del Tribunal Europeo de Derechos Humanos reflejada en el fundamento jurídico 3 c) de la ya citada STC 30/2019, ofrezca «cobertura a decisiones de prevención general dirigidas contra un individuo o una categoría de individuos que se estime constituyan un peligro debido a su continua tendencia al crimen; sino que, más limitadamente, **en el contexto de la persecución de un delito**, los arts. 5.1 c) y 5.3 del Convenio, interpretados conjuntamente, permiten a los Estados contratantes imponer y mantener en el tiempo una privación cautelar de libertad previa al juicio como medio de **prevención de una concreta y específica infracción penal, finalidad que ha de venir fundamentada en hechos o informaciones concretas basadas en datos objetivos**»”.*

A finalidade que prevé a LACrim de acordar a prisión provisional para conxurar o risco de comisión de novos feitos sempre foi definida polo propio Tribunal Constitucional como situada “noutro plano” respecto ás outras finalidades lexítimas (risco de fuga, de obstaculización do proceso ou de protección da vítima). Tal expresión ten sido con bos argumentos interpretada como fonte dunha interpretación máis restritiva aínda da restrición que xa se predica dos outros casos. Pero en todo caso non permite amparar nesa finalidade a pretensión de conxurar un risco xenérico de comisión de novos delitos. Como se indica no fragmento transcrito debe existir

unha posibilidade concreta de que exista un determinado feito que se pode afirmar como de moi probábel comisión.

Por outra banda, tal finalidade de necesaria interpretación restritiva, ademais, solicítase que sexa aplicada a un suposto para o que con carácter xeral non se prevé esta medida. É dicir para un caso de pena máxima prevista inferior a dous anos. Tal suposto de feito legal parece requirir aínda máis restrición na interpretación. Por iso a interpretación do concepto "habitualidade" debe ter esa mesma nota. Certamente tal termo non exige a presenza de antecedentes penais pero si require que se entenda que o que se fai habitualmente é cometer delitos. Doutra forma o sancionado sería un modo de vida. A habitualidade pode ser un concepto vago pero remite a algo que se fai tal número de veces, con tal frecuencia e dunha forma tan estendida no tempo que tolera que se fale dun hábito. É algo máis que repetición dunha conduta pois debe chegar a ter entidade esa repetición para considerala xa habitual.

Sexto.- Sobre o caso concreto.

Traendo todo o que acabamos de expor ao presente caso entendemos que non pode ser acordada a medida de prisión provisional instada.

Estamos, como vimos antes, ante unha imputación non sólida en canto non consta no Atestado máis que que no día catorce no quince foi identificado cinco (que non sete ocasións) e non consta nin se foron realizados requirimentos, nin sequera se algunhas desas denuncias non responden a un mesmo momento dada a súa proximidade no tempo.

Estamos ante un delito que ten unha pena de multa e outra alternativa de prisión de tres meses a un ano. Está, pois, moi lonxe dos límites xerais desta medida cautelar.

A situación de Estado de alarma non supón variación algunha das normas habituais de valoración das medidas cautelares. Si podería supor algún tipo de variación a declaración dun Estado de excepción.

Os posíbeis perigos sanitarios non se concretan de forma ningunha no Atestado neste caso concreto. En todo caso, de existir, teñen resposta no ámbito administrativo sanitario.

Non existe unha suficientemente sólida concreta previsión de actos determinados que poderían ser cometidos novamente. Existe unha sospeita moi razoábel de que o investigado pode ser que volva a incumprir as normas xerais. Pero esa prognose non é igual á previsión dun concreto acto que se poida prever e que teña por si mesmo natureza de delito.

Por último, en canto á habitualidade, tampouco a observamos. Dado o tempo dende que se decretou o Estado de alarma e, con el, foron acordadas as medidas restritivas da liberdade deambulatoria xa resulta difícil afirmar que un acto poida ter chegado a adquirir o carácter hábito. Caberá dicir que foi



repetido neste mes e pouco pero de aí á consideración de tal habitualidade cremos que existe un paso. Pero é que, ademais, estaríamos valorando dúas veces os mesmos feitos. Por un lado sostense que é o feito de ter desatendido varias veces os requirimentos o que fai transcendente penalmente a conduta co que adquiren significado penal como un único feito. Inmediatamente afírmase que o último feito é habitual por ter sucedido outros anteriores pero eses anteriores, polo que acabamos de dicir, forman unidade con este.

En resumo, a situación pode xerar certa afección ás previsións de orde pública pero a atención a esas necesidades non cremos que neste caso estea na medida pedida que debe ser instrumental ao concreto proceso penal e non a necesidades preventivas de orde pública.

Sétimo.- Non foi instada ningunha outra medida nin estaríamos tampouco nos casos regulados no artigo 57 do Código Penal ao que se remite o artigo 544 bis LACrim polo que non procede valorar ningunha outra medida alternativa.

Por último só indicar que o Ministerio Fiscal instou, de forma subsidiaria, que en caso de non ser acollida a medida pedida procedera a transformación do procedemento en Dilixencias urxentes. Porén non cabe tal transformación. Recibido o Atestado non se incoou, nin así foi solicitado polo Ministerio Fiscal, un procedemento dos denominados de Dilixencias Urxentes. En todo caso, dada a necesidade de verificar os aspectos do tipo penal antes comentados, non aparece como causa de instrución sinxela nos termos legais. Unha vez incoadas Dilixencias previas a súa transformación pende da previsión do punto 5º do artigo 779 LACrim, é dicir do recoñecemento de feitos que non se produciu neste caso. Non procede a transformación solicitada.

PARTE DISPOSITIVA

NON ACORDAR a medida de prisión provisional procedendo a deixar en liberdade a Ruslanas [REDACTED] coa obriga de comparecer ante este Tribunal no momento en que sexa chamado. NOTIFÍQUESE a presente resolución ás partes facéndolles saber que contra a mesma poderán interpor recurso de reforma no prazo de tres días dende a súa notificación e/ou de apelación no de cinco días.

Así o manda e asina Xermán Varela Castejón, maxistrado do Xulgado de instrución nº 2 de Pontevedra. Doy fe.

EL MAGISTRADO-JUEZ

LA LETRADO JUDICIAL